

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZASEIS.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde-presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

##### Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Permuy

Dna. Raquel Caruncho Corral

D. José Simoes Couceiro

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

Dna. Marta Pico Machado.

D. Javier Crespo Romeo Dna.

Dna. María Carmen Piñeiro Varela. (abandona a sesión ás 13h40min, no transcurso da lectura dos membros das mesas electorais)

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

D. Antonio Salvadores Regueiro.

Dna. Ana Veira García.

No Concello de Pontevedra, a vinte e nove de agosto de dous mil dezaseis, as trece horas e trinta minutos, reuníronse no Salón de Plenos da Casa Consistorial, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, coa asistencia do secretario accidental e dos señores concelleiros e concelleiras relacionados á marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión extraordinaria do Pleno, en base á orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados e convocadas.

O secretario accidental verifica que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución.

Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasáronse a tratar os asuntos comprendidos na Orde do día.

##### Secretario Accidental:

D. Alberto Pensado Seijas

##### Interventora:

D<sup>a</sup>. Silvia Lamelas Soto

Iníciase a sesión xustificando a Alcaldía-Presidencia a necesidade desta sesión extraordinaria que vén dar cumprimento ao disposto nos artigos 26 e 27 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, segundo a reiterada interpretación da Xunta Electoral Central, para proceder a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

### **ÚNICO.- SORTEO DOS/AS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DO VINDEIRO 25 DE SETEMBRO DE 2016.**

O Secretario Accidental da lectura á proposta da alcaldía de data 12 de agosto de 2016, que se transcribe no seu literal:

#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

*A necesidade da sesión ven motivada pola convocatoria das eleccións ao Parlamento de Galicia do vindeiro 25 de setembro e convócase atendendo ao disposto na Lei orgánica do Estatuto de autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981 de 6 de abril, na lei 1/1986 de 22 de febreiro, e na Lei 8/1985 de 13 de agosto.*

*Dado que se dispón en soporte informático do Censo electoral e dun programa proporcionado pola Deputación Provincial da Coruña, que realiza o sorteo de modo automático e aleatorio, e que elabora as notificacións e listados necesarios para este proceso, trátase de autorizar que o sorteo se faga normalmente nas dependencias administrativas municipais, dando oficialidade no pleno extraordinario que se celebra.*



No caso de que a Xunta Electoral de Zona solicite o nomeamento de novos compoñentes das Mesas para substituír aos seleccionados, titulares e/ou suplentes, que por motivos xustificados non poidan acudir o día das eleccións, o programa sorteará de modo automático e aleatorio un total de 9 suplentes para cada un dos presidentes e vogais de cada unha das mesas electorais do concello de Pontedeume, que serán cubertos de xeito sucesivo a resulta das escusas admitidas pola Xunta electoral de Zona de Betanzos. Todos eles terán que reunir os requisitos esixidos pola Lei electoral para ser Presidente/a ou Vogal segundo o establecido no artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Por tanto, e segundo o anterior propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Autorizar a utilización de medios informáticos para a realización do sorteo das persoas membros das mesas electorais con motivo das Eleccións ao Parlamento de Galicia do vindeiro 25 de setembro  
**SEGUNDO.** Efectuar o sorteo e designar aos/ás membros das distintas Mesas que actuarán como Presidentes/as ou Vogais titulares e nove persoas suplentes por cada un/ha deles/as.

Pontedeume, 12 de agosto de 2016.

O Alcalde

D. Bernardo Fernández Piñeiro"

Procedéndose ao sorteo para a designación dos presidentes e vocais titulares e suplentes das doce mesas electorais a constituír por mor das próximas Eleccións Autonómicas de 25 de setembro de 2016, formándose por sorteo os compoñentes das mesas electorais.

O Secretario Accidental explica que as persoas que substituirían aos titulares e suplentes (7) xa está realizado polo propio programa informático, e que poden consultarse no Rexistro do Concello, para o cal serán asistidos pola funcionaria encargada do Padrón Municipal.

Visto canto antecede, **ACORDASE** por unanimidade dos membros presentes:

**PRIMEIRO.** Autorizar a utilización de medios informáticos para a realización do sorteo das persoas membros das mesas electorais con motivo das Eleccións ao Parlamento de Galicia do vindeiro 25 de setembro.

**SEGUNDO.** Efectuar o sorteo e designar aos/ás membros das distintas Mesas que actuarán como Presidentes/as ou Vogais titulares e nove persoas suplentes por cada un/ha deles/as.


O Secretario Accidental da lectura ás persoas membros das mesas que resultaron do sorteo.

## REMATE DA SESIÓN.

E non habendo máis asuntos que tratar o alcalde remata a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do expresado día "ut supra".


Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura do alcalde e da secretaria, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano e a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

O Secretario Acc.



D. Alberto Pensado Seijas

V. e Pr.  
O alcalde,



D. Bernardo Fernández Piñeiro